

CURSO  
Estudos de Viabilidade e Xestión  
de Incerteza en Proxectos



plataforma tecnolóxica  
galega da **madeira**



Subvencionado por:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Investigación,  
Desenvolvemento e Innovación



Organiza:



Colabora:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### INFORMACIÓN XERAL

#### Resumo:

Cada vez hai máis organizacións orientadas ao proxecto, que dirixen o seu negocio en base á xestión de múltiples proxectos. Por outro lado, o entorno que rodea a eses proxectos é, cada vez, máis complexo e acelerado; isto supón niveis importantes de incerteza, e tanto máis en determinados tipos de proxectos, como son os de investigación e desenvolvemento.

Un dos aspectos esenciais na xestión de proxectos é realizar unha adecuada avaliación dos mesmos, tendo en conta as ameazas e oportunidades que supón esa incerteza. Este curso abranguerá a avaliación de proxectos de inversión, por un lado, e a xestión da incerteza en proxectos, por outro, incluíndo a aplicación das modernas técnicas cuantitativas de análise da incerteza á avaliación de proxectos.

Carácter:	Gratuíto.
Duración:	24 horas.
Programación:	26 de novembro de 2008 (16:00 h. - 21:00 h.). 27 de novembro de 2008 (10:00 h. - 14:00 h. e 15:30 h. - 18:30 h.). 3 de decembro de 2008 (16:00 h. - 21:00 h.). 4 de decembro de 2008 (10:00 h. - 14:00 h. e 15:30 h. - 18:30 h.).
Relatores:	D. Ramón Yáñez Brage. D. Alfredo del Caño Gochi. D. David del Río Vilas.
Lugar:	CIS-Madeira, Parque Tecnolóxico de Galicia, Ourense.
Inscripcións:	Email: <a href="mailto:info@cismadeira.com">info@cismadeira.com</a> Tel.: 988-368152
Prazas limitadas:	Admisión por orde de inscrición.

### PROGRAMA

#### Parte I:

Finanzas a longo prazo: análise de proxectos de inversión.

#### Relator:

D. Ramón Yáñez Brage.

#### Datas:

- ▶ Mércores 26 de novembro de 2008, de 16:00 a 21:00 horas.
- ▶ Xoves 27 de novembro de 2008, de 10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas.

#### Contido:

- ▶ As claves da rendibilidade económica e financeira.
- ▶ O racionamento de crédito empresarial.
- ▶ O financiamento das PEMES.
- ▶ O proxecto de inversión.
- ▶ O proxecto de inversión como consecuencia da análise da contorna.
- ▶ A planificación do proxecto de inversión.
- ▶ Plantexamento da análise.
- ▶ A necesidade dunha correcta planificación estratéxica.
- ▶ Proxecto de Inversión versus Contabilidade Financeira.
- ▶ Medición da rendibilidade económica do proxecto.
- ▶ Os fondos absorbidos.
- ▶ O valor de realización dos activos.
- ▶ Os fondos xerados.
- ▶ O cadro de fondos do proxecto.
- ▶ Avaliación económica do proxecto.
- ▶ O valor actual neto do Proxecto (VAN).
- ▶ A taxa interna de rendibilidade do proxecto (TIR).
- ▶ O período de recuperación do proxecto.
- ▶ O financiamento e o estudo da liquidez do proxecto.
- ▶ A revisión do risco económico do proxecto.
- ▶ A análise de sensibilidade.
- ▶ A avaliación económica do proxecto financiado.
- ▶ Casos prácticos.



### Parte II: Xestión da incerteza en proxectos.

#### Relatores:

D. Alfredo del Caño Gochi.

D. David del Río Vilas.

#### Datas:

- ▶ Mércores 3 de decembro de 2008, de 16:00 a 21:00 horas.
- ▶ Xoves 4 de decembro de 2008, de 10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas.

#### Contido:

- ▶ Conceptos básicos da xestión da incerteza.
- ▶ Metodoloxía para a xestión da incerteza en proxectos.
  - Planificación da xestión da incerteza.
  - Identificación de oportunidades e ameazas.
  - Análise cualitativa da incerteza.
  - Análise cuantitativa da incerteza.
  - Planificación da resposta a oportunidades e ameazas.
  - Seguimento e control da incerteza.
- ▶ Equipo necesario para a xestión da incerteza.
- ▶ Prazo necesario para a xestión da incerteza.
- ▶ Custo da xestión da incerteza.
- ▶ Principais técnicas de identificación de oportunidades e ameazas.
- ▶ Principais técnicas cualitativas de análise.
  - Descrición de probabilidade e impacto.
  - Táboas Probabilidade-Impacto.
- ▶ Software para apoio na identificación, a análise cualitativa e o seguimento e control.
- ▶ Caso práctico de identificación, análise cualitativa e planificación da resposta.
- ▶ Técnicas cuantitativas de análise.
  - Motivación e necesidade da análise cuantitativa.
  - Análise de sensibilidade.
  - Árbores de decisión.
  - Simulación tipo Monte Carlo.
    - Suposto práctico de simulación no estudo de viabilidade de proxectos.
    - Suposto práctico de simulación na programación dun proxecto.
  - A análise de opcións.
    - Aplicación á avaliación de proxectos.
    - O caso dos proxectos de I+D.
- ▶ Estimación e control de continxencias e reservas.
- ▶ Claves dunha xestión eficaz da incerteza.

# CURSO

## Estudos de Viabilidade e Xestión de Incerteza en Proxectos

### RELATORES

Alfredo del Caño  
Dr. Enxeñeiro industrial.  
Catedrático de Universidade.  
Universidade da Coruña.

Entre 1985 e 1996 foi profesor da Universidade Politécnica de Madrid e da UNED, en disciplinas relacionadas coa enxeñaría e a xestión de proxectos de construción. Entre 1986 e 1996 desempeñou diversos cargos técnicos e de xestión en empresas de enxeñaría e consultaría do sector da construción. Dende 1996 desenvolve tarefas docentes e de investigación, como profesor a tempo completo da Universidade da Coruña, para as mesmas materias. O seu campo de especialización é a xestión da incerteza e o risco en proxectos. Entre outras asociacións, é membro de ASCE (American Association of Civil Engineers; EEUU), PMI (Project Management Institute, EEUU), IPMA (International Project Management Association, Suiza) e AEIPRO (Asociación Española de Ingeniería de Proyectos).

Ramón Yáñez Brage  
Dr. en Ciencias Económicas  
Profesor Titular de Universidade  
Universidade da Coruña

Logo de traballar en ASTANO dende 1971, en 1985 Ramón Yáñez incorporouse como avaliador de proxectos da Oficina de Promoción Industrial creada pola División de Construcción Naval (DCN) do Instituto Nacional de Industria. Entre 1987 e 1990 foi Xerente de Promoción Industrial da DCN do INI. Entre 1990 e 1993 foi Director Xerente da empresa Tile Privilege. Dende 1993 desenvolve tarefas docentes e de investigación, como profesor a tempo completo, en materias relacionadas coa economía da empresa.

David del Río Vilas  
Enxeñeiro Industrial  
Grupo Integrado de Enxeñaría - Universidade da Coruña

David del Río desenvolve actividades de investigación como Investigador contratado, dentro do Grupo Integrado de Enxeñaría da Universidade da Coruña, principalmente nas áreas de organización da produción, loxística e transporte.